



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE ABRIL DE 2009

---Contrato: OBRAS DE "REFORMA E ACONDICIONAMENTO DA PRAZA MARTÍNEZ ANIDO E O SEU ENTORNO (OBRA DO FEIL)".

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 17 DE ABRIL DE 2009

Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de "Reforma e acondicionamento da praza Martínez Anido e o seu entorno (obra FEIL)".

Visto que, dentro de prazo, unicamente presentou solicitude de participación PROMOTORA MATIMÁN, S.L.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal asinada o 03-04-09.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "Reforma e acondicionamento da praza Martínez Anido e o seu entorno (obra FEIL)" por importe de 231.618,48 euros, a PROMOTORA MATIMÁN, S.L., con arranxo ao Proxecto, os Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.
- Copia do contrato de traballo do traballador desempregado que o licitador se comprometeu a contratar na súa oferta. Deberá tratarse dun traballador desempregado a xornada completa cuxo contrato sexa indefinido, por obra ou servizo determinado (facéndose no contrato expresa mención a esta obra en concreto), ou de duración determinada, por un período de tempo igual ou superior ao prazo de execución do presente contrato administrativo de obras. Non poderá tratarse, polo tanto, de contratación a tempo parcial, nin de contratación baixo a modalidade de duración determinada, por una duración de tempo inferior ao prazo de execución da obra.
- Tarxeta de desemprego dese traballador desempregado contratado (inmediatamente anterior á dita contratación).

- Lémbrese tamén que, de conformidade co previsto na cláusula 28 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, para realizar a subcontratación, deberá recabar a previa autorización do Concello.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 17 de abril de 2009.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono Lopez